

Xacemento da Coroa / O Foxo

050032

Datos de Localización

Asentamento ao ar libre

Nomenclator:	3207702
Coord. UTM:	X: 60313380 Y: 466761925
Concello:	Sandiás
Parroquia:	PIÑEIRA DE ARCOS
Lugar:	Arcos
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Asentamentos ao ar libre
Subtipo:	Asentamento ao ar libre
Denominación:	Xacemento da Coroa / O Foxo
Etapa Histórica:	Indeterminada
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Este xacemento atópase nun outeiriño en cuio cumio se asenta a capela de San Pedro de Arcos. Como outros moitos do arredor, o xacemento foi atopado unha vez que se realizaron as prospeccións sistemáticas oportunas para a realización da autovía das "Rías Baixas" no ano 1993. Naquel momento parece ser que apareceron fragmentos de cerámica de pastas claras, grises e negras. Tamén puideron apreciar escoria de ferro e un cravo de sección cadrada, sen esquecer os restos de tella. Na actualidade non se recoñece ningún deste material, sí se poden ver bastantes restos de escoria de ferro no terreo que está na fronte da capela.

O outeiro conta con pouca elevación e ten unha croa chaira de tendencia elíptica en sentido W-E. Na fotografía aérea parece apreciarse un foxo que o circunda para os autores da prospección de 1993. Na nosa visita non se localizou foso, aínda que podería estar enmascarado pola maleza.

A Coroa ou o Foxo como se denomina ó lugar son topónimos adecuados para un xacemento delimitado con estruturas e adscribible á Idade do Ferro e/ou á romanización, aínda que polos materiais que se citaron parecen inclinar máis a cousa cara a época romana.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077007.
- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077007/07.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

mat. cuberta.

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: O xacemento está alterado debido ó acondicionamento do cumio para a capela de San Pedro, así como pola mellora e pista da estrada que pasa polo sector W.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles





